

LEÓNS mariños, banana split, the cramps, o fastío.

ELEFANTES brancos, corazóns de papel, abelorios,  
cerámicas de coellos (nas herbas), cadeas douradas,  
veludos mouros. E un beixo na palma  
da miña man. Pantera.

PLUMAS de avestruz, de galos quiricos, de overdose,  
de figuras de marfil, de teitos baixos, de madeiras antigas.

SABUGUEIRO na palma  
da man, navalla, punk,  
beleza. E os toxos apuntan o camiño.  
A dor e a dozura.  
A intensidade.  
As nubes brancas.

REASONS, elefantes, coitelas, transgresións,  
ruínas e pombas, ratos silvestres; malvas.

FISTERRAS, estrelas apagadas, subterfuxios, canles, e habitar as marxes, as insuas, os bordos, as cadencias, as mesturas, os enxertos, o espiño albar, os burkas, as retóricas, as escaleiras de Oz; e gabeamos ante Hansel e Gretel; e as comidas de festa, as barriñas de chocolate, as orquídeas salvaxes.

O CISNE, o love, o xersei de angora, o cabelo tinxido, a saudade, o pasado, o lonely; e os  
paxaros  
abren as súas ás.

CÍRCULOS, esquíos, gatiños aveludados, denosiña, lobo cerval, chocolate, Hansel, raposos; e as vidreiras son transparentes; e habitan crocodilos nas puzas da casa, nos enveses, nas contras, nas gaiolas, nos xasmíns, no verán, na enredadeira da eternidade, na cabana do avó; e Elvira queríanos nas caixiñas chinesas.

NO clamor, nos abetos salvaxes, no Twin Peaks, na madeira, no gato montés, nos raizames,  
nos colares vermellos, nos coellos xigantescos, na ratiña gris, na casa das orquídeas, na chave  
maldita (ábreme), no escorrer das turbulencias.

AS focas, as garduñas, os lobatos, os tigres, nas coníferas, na cabana, na lontra, na mesturiña,  
nos gremlins; nos coelliños de papel; nas áncoras bordadas, corazóns en fileira, neon de cores;  
dozura, paixón.

O AVÓ coa luminosidade da tarde. Regador de vidro.

Os abrochos de hortensia, de clemátide, de panamá.

(Retallos entre a neve.)

REFULXIR do estralo, da transgresión, das laranxas, as pugas, as péntalas no vento, a beleza  
afiada, os botóns, a cadea de ouro, o encaixe, o reiseñor; as enrugas nos ollos, nos sorrisos,  
nos centauros, nas rosas, nas espiñas. E o asfalto asoláganos na noite, na penumbra, no  
underground. Amarelo intenso, sen arestas, no té, na dozura, nas mañás de domingo coa avoa,  
coa tenrura da súa voz.

AS liñas dos abetos, difusas, my little pony, na porta deatrás, no carreiro da revolta,  
na cancela.

PORQUE as xesteiras inzan os meus soños. O volátil, o auténtico. As turbulencias.

O veludo. A dor. A claridade da tarde ante a montaña. Os réptiles.

As flores do xardín

de atrás. As tesouras. As agullas. O vaso

do meu corazón

ferido.

NOS bufos, nas baleas, nos lobos enormes, na soidade, no deserto, en Death Valley, nas flores terrosas, silvestres, areas, na saída, na fuxida ós océanos, no final. Summer. Nas abellas. No estripeiro. Nas bolboretas verdes. Na pel. E agárdasme no acuario, entre os peixes, no cloroformo.

NOS abetos, nas cabanas de madeira, nas cuncas  
de té, no xenxibre, nas tortas de cenoria, nos cervos; nos zapatos,  
os colibrís, os aneis, os lóbulos, as lingua (e nacen  
no teu ventre); o xabre, as cadeas, as unllas, os espellos, os dourados;  
no Gónviz, nas butacas, no veludo, nas mazás, no vento  
do Norte, Brancaneves, os esquíos, na humidade, nos pradairos, na noitiña, no bafo,  
no peite de prata, nos velenos, na taxidermia,  
nos vermes, na cirurxía, nas pestanas,  
nas folerpas de neve.

O PUNK, a beleza afiada, a estrañeza, os rumores  
apagados, nas revoltas, nas noites; sleep alone,  
so alone, porque non estás ti.

SUAVIDADE. León mariño. Rosa silvestre. Transgresión. Trenza. Ante. Winter. Onda o mar. My favourite. Xardín de sebes. Tolemia. Lovely, my little pony.

ELVIRA. E ollar o ocaso dende as escaleiras. Campánulas. Azul, so blue! E recendía a verán polo camiño, ás herbas intensas de agosto. Gasa, tule. Flores no pulso. De cerámica, de felpa. When I Were Young. Desire. Nebulosa. Violetas no asfalto. Cervos. Like a bird. Espellos embazados. Break On Through. Outrora. Na outra banda. Walking Free. Dinosáuro. Clemátide. Apreixeite. Na lagoa. Na ausencia. Na túa boca. Mais ti non podes estar aquí.

CELOSÍA. La de angora. Tricot. Sala de té. Pérola antiga. Cerámica. As túas nádegas rectas. So sweet. On fire. Bouquet de rosas. Encaixe na pube. E béixasme. Amante. By the Sea. Cos crustáceos. Na cetaria. Na ausencia. Cabelo tinxido. Daffodil. Noite de agosto. Mañá de outubro. I miss u.

AS CHAVES. O vestido longo. As cortinas. Os rombos. My friend. Nos cintos. Na varanda. A arboreda. Corazón gastado. Bambi. Brancaneves. Carapuchiña. And Me. Almofada. Martelo. I'm crazy. Cociña americana. Almacén. Believe me. Matogueira de berros. Cabaza. Your mind. Bouquet.

O PAPORROIBO. Hedras no corazón. Caxemira. Orlas. Tellados domesticados. Celosía. Glicinia.

No cemiterio. Nos apliques de metal. Olleiras. Drogas. Saia rosa cinxida. Esquío. He fires me.

CAPRICHOS. This time. Desta vez. Devorar o teu corpo. Automóbil. Insectos rosas. Twice. Only twice. Beixos de marmelada. Kiss Me. Caribe. Termo. Edredón de flores. Aves. Bananas. Azul. Bicicleta. Chaqueira de angora. By your side. Amarelo. Penuxe. Bombóns. Galletas mínimas. Gabardina beixe. Colar de pugas. Dragón rampante. Carmín difuso. Toucador antigo. Lazo tenue. Botóns negros. Liñas. Xaboeira de cuncha. Unicornio. That Night.

CAMISA estampada. Saldina. A Rega. Brancaneves. Espello. Cirurxía. Pílulas. Acuario.

Cloroformo. Tixolos. So dirty. Azul ceo. Trenzas de raíz. Saia curta. Uniforme. Garden of eternal love.